



BASES PARA O DESFILE DE COMPARSAS EN ARCADE- ANO 2017

1.- O Desfile de comparsas terá lugar o **domingo 5 de marzo de 2017 ás 17.00 horas.**

2.- Requisitos dos participantes

As comparsas deberán gardar unha unidade temática tanto no seu vestuario como na súa actuación. Non se considerarán como comparsas con dereito á inscrición e participación, aquelas que repitan o seu disface de anos anteriores. Poderanse excluír como beneficiarios das axudas reguladas nestas bases todos aqueles que non cumpran as condicións esixidas.

O número máximo de comparsas participantes no desfile é de 15 e deberán solicitar a súa participación a través de inscrición no rexistro xeral do Concello .

***Terán preferencia as comparsas que participaron no desfile do ano 2016.**

As comparsas participantes no desfile deberán ter un **mínimo de 30 compoñentes.**

3.-O lugar de saída será a Rúa Calvario, na intersección da Avda. Xosé Solla coa Rúa Cochón.

4.- As comparsas deberán estar no lugar da saída 30 minutos antes de dar comezo o desfile.

A primeira en desfilar será a dos nenos e nenas que forman a comparsa resultante do obradoiro que organiza o Concello de Soutomaior. As demais o farán por orden de chegada.

5.- Itinerario do desfile: Rúa Calvario, Avda. Xosé Solla e Rúa Rosalía de Castro. Remate na Alameda Talo Río, donde haberá unha festa de entroido coa actuación dun grupo musical ata as 22:00 h.



6.- Procedemento.

A **inscrición** farase nas Oficinas do Concello de Soutomaior, a través do fax (986.705333) ou ben no correo electrónico **cultura@soutomaior.com**, en horario de 9:00 h a 14:00 h. ata o mércores 22 de febreiro de 2017.

No momento de formalizar a inscrición, indicarase:

- Nome da comparsa.
- Nome e apelidos do representante.
- Número de teléfono e mail de contacto.
- Categoría na que se inscribe.
- Número de membros que a compoñen.

Todos estes datos deberán aparecer na solicitude de inscrición. En caso de que non sexa así, a comparsa poderá quedar excluída do desfile.

7.- Os **premios** pola participación no desfile son os seguintes:

a) Para as comparsas que non leven nin carroza nin música:

- de 30 a 40 membros: 100 €
- Máis de 40 membros: 150 €

b) Para as comparsas que leven carroza e música:

- de 30 a 40 membros: 300 €
- Máis de 40 membros: 400 €

8.- Os premios pagaranse mediante transferencia bancaria previa presentación da factura correspondente no Concello na cal se indicará o número de conta para facer o ingreso.

Os colectivos que estén exentos de IVA deberán presentar ademáis un certificado d@ secretari@ da asociación no que constará o número de



Concello de Soutomaior

expediente de dita exención. (Poderán pedir o modelo no Concello no momento de facer a inscrición).

9.- A participación neste desfile, implica a aceptación destas bases.

10.- A organización gárdase o dereito de non deixar desfilas a todas aquelas comparsas que non cumpran algunha das condicións establecidas nestas bases.